




Tres osos

Cliff Wright. Juventud
A solidariedade vista a través dos animais cun relato clásico e de fácil comprensión.



Vaite xa!

Marcos Viso. Xerais
Cóntanos a historia de Oso obrigado á procura dun traballo mellor, deixando atrás a Osa e a Osiña. Cunhas boas ilustracións e un texto breve pero de fondo contido, transmite unha mensaxe social de moito interese.



A viaxe de mamá

Mariana Ruiz Johnson. Kalandraka
Os personaxes desta historia son animais humanizados que se moven en escenarios próximos aos lectores, representados con ilustracións en tons suaves e cálidos, que nos permiten apreciar os sentimentos dos membros da familia, debido a unha viaxe que fai a nai por traballo.



Libros-disco



A bruxa discordia

Mamá Cabra. Carmen Gil. Galaxia
Discordia é feliz destruíndo a Paz, facendo que todos os animais, e os humanos, se leven mal. Un día vai acontecer algo que cambiará o seu mundo, e o mundo enteiro, para sempre.



Selección bibliográfica realizada polo persoal do Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais do Concello de Oleiros:

* Biblioteca Central Rialeda. Perillo

* Biblioteca Pública Municipal e Centro de Documentación da Muller Rosalía de Castro. Santa Cruz

* Biblioteca Pública Municipal M^o José Trincado. Mera

* Biblioteca Pública Municipal M^o José Ruso. Dorneda

* Biblioteca Pública Municipal Manuel María. Oleiros

* Biblioteca Pública Municipal Ánxel Fole. Nós

* Biblioteca Pública Municipal Xograr Mendiño. Lorbé

Visita o noso blog: <http://bibliotecasoleiros.blogspot.com>

Síguenos en twitter @ bibloleiros

Páxina web municipal: www.oleiros.org

Catálogo do fondo bibliográfico: <http://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/>

Biblioteca Central Rialeda
Avda. Rosalía de Castro, 227A
15172 Perillo - Oleiros
Tel.: 981 639 511
Fax: 981 639 996

Correo electrónico: biblioteca.rialeda@oleiros.org

Depósito Legal: C 2288-2016



Bibliotecas Públicas Municipais

Premio Nacional María Moliner 2011



Concello de Oleiros

Concellería de Cultura e Normalización Lingüística



Bibliotecas Públicas Municipais

Premio Nacional María Moliner 2011

Compartindo lecturas

Guía para nenas e nenos menores de 6 anos




Nestas datas de alegría e agasallos, desde as Bibliotecas Municipais de Oleiros desexamos lembrar que un libro tamén é un bo regalo, polo que ofrecemos esta guía de lectura cunha selección de títulos que nos fan sorrir, emocionar e reflexionar, coa intención de que as nenas e os nenos máis pequenos pasen momentos agradables coa lectura en compañía dos seus pais, nais, irmáns ou outras persoas maiores.

Son libros que hai nas bibliotecas municipais e que poden levar en préstamo para as súas casas. Animamos a que as visiten, utilicen o servizo de préstamo e gocen coa lectura.




Libros para nenas e nenos menores de 6 anos



Con Tango son tres

Justin Richardson e Peter Parnell. Ilustracións Henry Cole. Kalandraka
Roi e Silo son dos pingüíns que viven no zoo de Central Park, que se coñeceron e se fixeron parella. Cando o coidador do zoo se deu conta, decidiu facer unha proba.

Esta baseado nunha historia real.



Emilio

Tomi Ungerer. Kalandraka
Unha obra chea de humor e imaxinación, na que se narran as aventuras dun valente e nobre polbo. Un texto que segue gustando aos nenos e nenas, a pesares de escribirse en 1960. Ilustrado con trazos sinxelos en tons verdes e vermello.



Máis alá da fiestra

Maurice Sendak.
Kalandraka.

Auténtica xoia da literatura infantil universal. Ilustracións engaiolantes que acompañan unha fermosa historia para os/as máis pequenos/as da casa.



Mis palabras y yo

Marie-Odile Fordacq e Peggy Nille. Combel

Un imaxinario para acompañar ao bebé na aprendizaxe das primeiras palabras do seu día a día. Ten dous niveis de lectura segundo a idade do neno ou nena.



Ola adeus

Delphine Chedru.
Kalandraka

Unha cousa e a súa contraria atópanse en cada imaxe. Para comprobalo é preciso ollar a imaxe unha vez a través do filtro azul e outra vez a través do filtro vermello.



A pantufla de Celia

Texto de Concha Blanco; ilustracións de Dani Padrón.

Hércules

No andel dunha tenda vive unha pantufla con forma de vaca. Celia namórase dela e quere mercala, mais hai un problema: a pantufla ten parella e véndense por xunto.

Será Celia capaz de dar cunha solución?. Un texto orixinal e magnificamente ilustrado.



Unha parella diferente

Daniela Kulot. Kalandraka

Crocodilo e Xirafa namoráronse, construíron unha casa para os dous e emprenderon unha vida en común, que lamentablemente topou coa incompreensión dos seus respectivos semellantes. Sen embargo cando unha familia veciña está en perigo non dubidan en colaborar para salvar vidas, por riba de calquera diferenza.



Salvaje

Emily Hughes. Libros del Zorro Rojo

Unha nena vive feliz na natureza, pero un día aparecen no bosque os humanos e deciden "educala". Marabilloso conto, cunhas fermosas ilustracións, que nos mostra que non se pode domar algo tan felizmente salvaxe.



Se eu fose moi alto

António Mota. Ilustracións de André Letria. Kalandraka

Texto para fomentar a imaxinación, cun protagonista de grande estatura que pode limpar as chemineas, ver os avión desde distancias curtas ou cambiar as lámpadas fundidas dos farois, entre outros, contribuindo á aceptación das persoas que son distintas polo seu físico.



Somos amigos?

Anabel Fernández Rey.
Kalandraka

A relación dunha nena cun oso a través da complicidade. Magníficas ilustracións para unha historia moi emotiva.



El sueño de Victorio

Veridiana Scarpelli. Fondo de Cultura Económica

Victorio é un simpático cocho que soña un montón de cousas: voar como un superheroe, nadar nunha poza coma os parrulos, etc. Historia sen palabras, contada a base de bonitas ilustracións.



Te quiero (casi siempre)

Anna Llenas. Espasa Lolo e Rita quérense. Son dous bichiños que non poden ser máis diferentes. Diferenzas que ás veces gustan e divirten e outras, amolan. Cada un deixa de ser un pouquiño "eu" para, xuntos, ser máis "nós".